cREAgal

Rúbrica avaliación docente

	100%	75%	50%	25%
CA1.1: Construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza, organizando e xerando, de forma segura e crítica, información analóxica e dixital acerca dos trazos relativos á identidade, diferenza e dignidade das persoas.	Define con claridade e precisión os conceptos de identidade, diferenza e dignidade, establecendo relacións entre eles e achegando exemplos sinxelos. Usa fontes analóxicas e dixitais de foma crítica e segura para xerar información.	Define correctamente os conceptos de identidade, diferenza e dignidade. Establece algunhas conexións entre eles. Utilliza información de fontes variadas, pero sen analizar nin verificar a súa fiablidade.	Define de xeito diferenciando os conceptos de identidade, diferenza e dignidade.	Presenta definicións incorrectas ou confusas dos conceptos de identidade, diferenza e dignidade.
CA1.2: Identificar e expresar emocións, afectos e desexos, mostrando confianza nas propias capacidades ao servizo da consecución motivada de fins persoais e colectivos.	Identifica y expresa as súas emocións, afectos e desexos de forma clara e respetuosa, amosando un alto grao de confianza e iniciativa para alcanzar obxectivos persoais e colectivos.	Identifica e expresa emocións, afectos e desexos de forma adecuada amosando unha boa percepción das súas capacidades e motivación para conseguir obxectivos.	Expresa oralmente emocións, afectos e desexos.	Mostra dificultades para identificar e expresar emocións, afectos ou desexos cunha baixa confianza en si mesma e escasa motivación no logro de metas.

CA1.3: Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.	Resolve dilemas morais de forma autónoma, con argumentos ben estructurados e baseados en valores éticos. Mantén un diálogo respetuoso e escoita activamente as opinións das demais persoas.	Resolve dilemas morais sinxelos de forma argumentada e respetuosa. Utiliza conceptos éticos básicos e participa no diálogo cunha actitude aberta.	Resolve un dilema moral sinxelo, de xeito argumentado e respectuoso.	Amosa dificultades para resolver dilemas morais, non argumenta a súa posición ou faino sen respecto. Mostra pouca participación ou unha actitude pouco receptiva no diálogo.
CA1.4: Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Participa nos debates e interaccións da aula cunha actitude aberta, dialogante e respetuosa. Argumenta con coñecemento de valores comúns, dereitos humanos e principios constitucionais. Propón conductas éticas e cívicas en situacións concretas e reflexiona de forma crítica sobre como mellorar a convivencia.	Participa nos debates con frecuencia e de forma respetuosa. Mantén unha acitude dialogante e razoable, e amosa comprensión dos valores éticos e das normas de convivencia. Propón ideas para mellorar as relacións sociais, aínda que sen moita profundidade.	Participa nos debates na aula adoptando unha actitude respectuosa e dialogante.	Non participa nos debates ou faino con pouca implicación.

CA1.5: Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Intervén de maneira activa e reflexiva nas clases, expresando con claridade e asertividade os seus pensamentos e emocións. Valora e integra con respecto e empatía as achegas dos demais.	Participa con frecuencia nas interaccións orais da aula, exprensando opinións propias con certo grao de claridade. Escoita e recoñece as achegas dos demais, valorándoas positivamente.	Intervén oralmente nas clases, e recolle ideas e apreciacións do resto de compañeiros e compañeras da aula, valorándoas.	Case non intervén ou faino sen respecto polos demais. Non valora nin recoñece as opinións ou emocións do resto da clase.

Crédito da imaxe:
Elaboración propia (proxecto cREAgal) derivada de Public Domain Vectors da obra Completar la lista de verificación (CC0). *Lista de control* (CC BY-NC-SA 4.0)

"Rúbrica de avaliación docente", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0